

CONVOCADAS PROBAS

OBTENCIÓN DE DETERMINADOS CARNÉS PROFESIONAIS E HABILITACIÓNS PROFESIONAIS NO ANO 2016

Orde do 1 de Febreiro de 2016 pola que se convocan probas para a obtención de determinados carnés profesionais e habilitacións profesionais no ano 2016. (DOG 11 de Febreiro de 2016)

CARNÉS PROFESIONAIS E HABILITACIÓNS CONVOCADAS

- OPERADOR/A INDUSTRIAL DE CALDEIRAS
- CARNE PRODESIONAL INSTALACIÓNS TÉRMICAS DE EDIFICIOS
- INSTALADOR/A DE GAS, CATEGORIA A
- INSTALADOR/A DE GAS, CATEGORÍA B
- INSTALADOR/A DE GAS, CATEGORÍA C
- INSTALADOR/A DE PRODUTOS PETROLÍFEROS LÍQUIDOS, CATEGORÍA I
- INSTALADOR/A DE PRODUTOS PETROLÍFEROS LÍQUIDOS, CATEGORÍA II
- REPARADOR/A DE PRODUTOS PETROLÍFEROS LÍQUIDOS, CATEGORÍA III
- CARNÉ PROFESIONAL DE OPERADOR/A GUINDASTRE TORRE
- CARNÉ PROFESIONAL DE OPERADOR/A GUINDASTRE MÓBIL AUTOPROPULSADO, CATEGORÍA A
- CARNÉ PROFESIONAL OPERADOR/A GUINDASTRE MÓBIL AUTOPROPULSADO, CATEGORÍA B
- MANIPULADOR/A DE EQUIPAMENTOS CON SISTEMAS FRIGORÍFICOS DE CALQUERA CARGA DE REFRIXERANTES FLUORADOS
- MANIPULADOR/A DE EQUIPAMENTO CON SISTEMAS FRIGORÍFICOS DE CARGA DE REFRIXERANTE INFERIOR A TRES QUILOGRAMOS DE GASES FLUORADOS
- MANIPULADOR/A DE EQUIPAMENTOS DE TRANSPORTE REFRIXERADO DE MARCADORÍAS QUE EMREGUEN MENOS DE TRES QUILOGRAMOS DE REFRIXERANTES FLUORADOS

PRAZO DE SOLICITUDE

CONVOCATORIA ORDINARIA: DO 15 AO 26 DE FEBREIRO DE 2016

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: DO 1 AO 13 DE XULLO 2016

REQUISITOS

- **Idade legal laboral ou idade mínima esixida na normativa sectorial correspondente**
- **Requisitos específicos para cada especialidade segundo a normativa vixente**

DOCUMENTACIÓN

- **Instancia de solicitude (anexo I)**
- **Fotocopia do DI ou NIE(de non autorizar consulta de datos)**
- **Copia compulsada do título ou certificación oficial da titulación requirida (de non autorizar a consulta dos datos de certificacións académicas expedidas por centros de ensino públicos de Galiza e de titulacións non universitarias que tivesen que ser expedidas por outras administracións educativas do Estado)**
- **De ser o caso, Certificado de superación do curso teórico-práctico por unha entidade recoñecida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.**
- **Xustificante de aboamento das taxas de exame**
- **De ser o caso, acreditación da experiencia laboral: informe de vida laboral, certificación das empresas nas que exercese a actividade- anexo II.**
- **Certificado médico, cando así se esixa (seguridade industrial)**
- **Xustificante do impreso de autoliquidación das taxas.**

TAXAS DE EXAME

- **Importe. 38,37 euros**
- **Modelo de impreso autoliquidación taxas: MODELO A**
- **Códigos:**
 - **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: CÓDIGO 07**
 - **Delegación de Servizos Centrais: CÓDIGO 13**
 - **Servizo de Xestión da Formación Profesional: CÓDIGO 03**
 - **Taxa: denominación: CAPACITACIÓN PROFESIONAL PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES EN MATERIA DE INDUSTRIA. CÓDIGO 320701**

PROCEDEMENTO

- **As solicitudes** de admisión deberán presentarse **preferiblemente por vía electrónica**, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es>.
- **Opcionalmente** tamén se poderán **presentar en soporte papel**, empregando o **formulario normalizado** dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- Publicación de **listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas** Praxo de 5 días hábiles para emenda de defectos.
- Publicación de **listaxe definitiva de persoas admitidas**, data, hora e lugares de realización dos exames.
- **Realización de exames**, xeralmente desenvolveranse na mesma xornada:
 - 1ª parte: exercicio teórico escrito (resolución dun cuestionario tipo test).
 - 2ª parte: poderá consistir nun suposto práctico escrito ou nunha proba real de manipulación, manobra ou operación, e versará sobre a resolución dun ou varios problemas ou no seguimento de instrucións contextualizadas en relación cos requisitos prácticos propios de cada especialidade. *Para o carné de operador/a de guindastre móbil autopropulsado: demostración real da destreza na manobra e operación co guindastre baixo as instrucións e as indicacións especificadas polo tribunal.
- **Cualificación dos exames:** a puntuación mínima para superar cada parte corresponderá á metade do valor da puntuación máxima posible nesa parte. Na parte teórica a nota formarase do seguinte xeito: número de respostas correctas – (número de respostas incorrectas/3).
- Os exames cualificaranse como **apto/a ou non apto/a**. Para considerarse **apto/a** **deberanse aprobar as dúas partes independentemente**.
- **Listaxe provisional de cualificacións.** Prazo de 5 días hábiles para formular reclamacións.
- **Listaxe definitiva de cualificacións.** Contra a resolución definitiva de cualificación poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes.
- **Recepción por correo certificado do correspondente carné profesional ou habilitación profesional** no enderezo indicado na solicitude. No caso de certificacións ou habilitación con código de verificación electrónica e sinatura electrónica poderán ser enviadas ao correo electrónico indicado na solicitude.

A TER EN CONTA

- Todas as **listaxes** serán **publicadas nos taboleiros de anuncios das xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** e na páxina <http://www.edu.xunta.es/fp>
 - No caso de ter interese na obtención de máis dun carné ou habilitación profesional deberase presentar unha solicitude por cada un deles, xunto coa correspondente documentación xustificativa.
 - **Curso teórico – práctico:** no caso de estalo cursando deberase achegar certificado desta situación. O día do exame teórico deberá presentar certificación de ter superado o curso.
 - **Exames:** as persoas candidatas deberán ir provistas de:
 - **D.I** ou documento oficial que acredite a súa identidade
 - **Bolígrafo** negro ou azul
 - Exames:
 - **Primeira parte:** poderá incluír custións sobre coñecementos tecnolóxicos e cálculos básicos no ámbito da competencia do carné profesional ou da habilitación profesional.
 - **Segunda parte:** o tribunal poderá permitir o uso do regulamento técnico ou de calquera material adicional que considere necesario para o desenvolvemento da proba. A relación deste material comunicáraselles ás persoas participantes de cada especialidade, de ser o caso, a través da páxina <http://www.edu.xunta.es/fp>
- En calquera caso poderase utilizar **calculadora científica**, excepto as que sexan programables, gráficas ou con capacidade para almacenar e transmitir datos.
- No suposto práctico escrito cumprirá que se desenvolva o conxunto ou secuencia de operacións ordenadas que dan lugar ao resultado final, ou a xustificación razoada da resposta se se require na cuestión algún argumento de reflexión.

Para calquera consulta ou dúbida que desexes expor podes dirixirte ao seguinte correo electrónico sngab.tecnico@forga.org Indicando o teu correo electrónico e número de teléfono de contacto